



CONCELLO de RAMIRÁS

NIF : P3206900 G
Tf. : 988 491 523
Fax : 988 478 604
E-mail : concello.ramiras@eidolocal.es

Picouto, s/n - 32810 – Ramirás – Ourense

BASES DA CONVOCATORIA PARA CONTRATAR UN CAPATAZ E CATRO PEONS DAS BRIGADAS DE PREVENCIÓN E DEFENSA CONTRA O LUME FORESTAL E CREACION DE BOLSA DE TRABAJO

1ª) Obxecto da convocatoria. A selección dun xefe de brigada, un peón conductor e tres peóns da brigada de loita contra incendios forestais.

2º) Tipo e duración do contrato. É un contrato laboral temporal para realizar un servizo determinado, durante tres meses, a xornada completa (corenta horas/semana) en base á disposición adicional quinta do Real Decreto-Lei 32/2021 do 28 de decembro, contendo no seu clausulado que os ditos contratos están vinculados ao convenio coa Consellería do Medio Rural da Xunta de Galicia cofinanciados polo Feader no Marco do Plan estratéxico da Política Agraria Comum (PEPAC) 2023-2027.

3ª) Obxecto do contrato. Desenvolver as tarefas propias dos citados postos de traballo na brigada de prevención e defensa contra os incendios forestais obxecto do convenio de colaboración subscrito a Consellería do Medio Rural e a entidade local de Ramirás para a participación na prevención e defensa contra incendios forestais durante o ano 2026, cofinanciado parcialmente co Fondo Europeo Agrícola de Desenvolvemento Rural (FEADER) no Marco do Plan estratéxico da Política Agraria Comum (PEPAC) 2023-2027.

4ª) Requisitos xerais dos aspirantes. Os aspirantes deberán reunir os seguintes requisitos, referidos á data na que remate o prazo de presentación de instancias:

a) Ser español, nacional doutro estado membro da Unión Europea, cónxuxe dos anteriores que non estea separado de dereito, ou descendentes que sexan menores de idade ou maiores e dependentes deles. Tamén poden participar as persoas incluídas no ámbito de aplicación dos tratados internacionais convidos pola Unión Europea e ratificados por España nos que sexa aplicable a libre circulación de traballadores. Os aspirantes non residentes en España, que non teñan a nacionalidade española ou de calquera outro estado da Unión Europea, deberán achegar á súa solicitude o documento que xustifique o cumprimento da condición que aleguen.

b) Ter cumpridos dezaioito anos de idade e non superar a idade máxima de xubilación forzosa.

c) Posuír capacidade funcional para desempeñar as tarefas propias do posto de traballo, que se xustificará por medio de informe médico.





CONCELLO de RAMIRÁS

NIF : P3206900 G
Tf. : 988 491 523
Fax : 988 478 604
E-mail : concello.ramiras@eidolocal.es

Picouto, s/n - 32810 – Ramirás – Ourense

d) Non ter sido separado, mediante expediente disciplinario, do servizo ás Administracións públicas: fcu dos organismos constitucionais ou estatutarios, nin atoparse inhabilitado para o exercicio das funcións públicas por resolución xudicial.

5ª) Títulos esixidos.

- a) Para peón conductor, non se esixe titulación mínima. Posuirá permiso de condución tipo B.
- b) Para os peóns non se esixe titulación mínima.
- c) Para o de xefe/a de brigada, enxeñeiro/a de montes, enxeñeiro/a técnico forestal, técnico/a superior en xestión forestal e do medio rural, técnico/a en aproveitamento e conservación do medio rural, técnico/a en emerxencias e protección civil ou formación profesional equivalente. Ademais estará en posesión do permiso de conducir do tipo B.

Galego: acreditar o coñecemento da lingua galega de acordo co establecido na Lei 2/2015, do 29 de abril de 2015. A acreditación do coñecemento escrito farase por medio do achegamento como mínimo o, do certificado do CELGA 2. No caso de non posuír ningunha titulación que acredite o coñecemento do galego, realizarase un previo de tradución dun texto do castelán ao galego, no tempo que sinale o tribunal e que será como máximo dunha hora. Este exercicio valorárase como apto ou non apto, sendo necesario para superalo obter o resultado de apto, e correspóndelle ao tribunal determinar o nivel de coñecementos esixidos para acadar o dito resultado, A anterior proba poderá substituírse para o caso dos traballadores do retén de incendios, pola realización da proba teórica-práctica en galego, co resultado de apto ou non apto.

6ª) Publicidade da convocatoria. Esta convocatoria publicárase na páxina web do Concello de Ramirás, no Taboleiro de anuncios e no Boletín Oficial da Provincia de Ourense.

7ª) Solicitudes. As persoas interesadas en participar no proceso de selección deberán achegar a solicitude dirixida ao Sra. Alcaldesa axustada ao modelo que se prevé no anexo I.

Coa solicitude deberanse achegar os seguintes documentos:

- Fotocopia compulsada do DNI;
- Fotocopia compulsada dos títulos esixidos e permiso de condución;
- Fotocopia compulsada da documentación que xustifique os méritos que se aleguen.





CONCELLO de RAMIRÁS

NIF : P3206900 G
Tf. : 988 491 523
Fax : 988 478 604
E-mail : concello.ramiras@eidolocal.es

Picouto, s/n - 32810 – Ramirás – Ourense

8ª) Prazo e presentación de solicitudes. O prazo de presentación de solicitudes será de 5 días hábiles contados a partir da data de publicación no BOP de Ourense. Dita solicitude dirixirase ó Sr. Alcalde, presentándose no Rexistro Xeral do Concello onde queren prestar servizo ou polas outras formas previstas no artigo 16.4 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das Administracións Públicas. As solicitudes que se presenten a través da oficina de correos deberán entregarse en sobre aberto para seren seladas e datadas antes de seren certificadas. A documentación a incluír será a mesma que si se presentase a solicitude no Rexistro Xeral do Concello.

Non obstante, de non presentarse no Rexistro Xeral, é necesario que os/as interesados/as, dentro do prazo de presentación, remitan por fax ao concello, avisando da presentación da solicitude por algún dos outros medios previstos no artigo 16 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das Administracións Públicas.

9ª) Admisión. Rematado o prazo de presentación de solicitudes, o Sr. Alcalde ditará unha resolución coa listaxe de admitidos e excluídos, coa causa de exclusión, e concederá un prazo de subsanación de dous días hábiles dos motivos de exclusión.

Unha vez rematado dito prazo, aprobarase, polo mesmo órgano, a listaxe definitiva de admitidos neste proceso selectivo e tamén as datas previstas de realización das probas aos aspirantes.

As listaxes e todos os acordos e resolucións do tribunal publicaranse na páxina web do Concello e no Taboleiro de anuncios, identificándose aos aspirantes co seu nome e apelidos.

10ª) Proba física. Previamente ao proceso de selección realizarase unha proba física que terá a cualificación de apto/non apto. Consistirá en camiñar 3.200 m sobre terreo chan cun peso de 11 Kg ás costas nun tempo máximo de 35 minutos. Os aspirantes deberán vir provistos de zapatillas de deporte e dunha mochila cargada co peso antedito. Non está permitido correr durante a realización. Recoméndase levar roupa lixeira transpirable e permítese levar líquidos para hidratación. Os que superen a proba física formarán parte do proceso de selección.

11ª) Proceso de selección. Relizarase mediante un procedemento de concurso-oposición.

1-Experiencia profesional.

a) Xefe de brigada:





CONCELLO de RAMIRÁS

NIF : P3206900 G
Tf. : 988 491 523
Fax : 988 478 604
E-mail : concello.ramiras@eidolocal.es

Picouto, s/n - 32810 – Ramirás – Ourense

- A experiencia acreditada no desempeño de postos de traballos semellantes, 0,10 puntos por mes ata o máximo de 1 punto. Xustificarase por medio de informe de vida laboral e certificado de empresa ou contrato de traballo.
- Compromiso de traballos por obxetivos : 2 puntos (*Estarán retribuídos a marxe do soldo estipulado e son voluntarios*)
Co fin de fomentar a eficiencia, a calidade do servizo e o cumprimento dos obxectivos operativos, establécese un sistema de incentivos económicos vinculado ao rendemento do persoal adscrito ao dispositivo de prevención e extinción de incendios forestais, en función da dispoñibilidade operativa, a execución dos traballos preventivos como a maior realización dos mesmos.

b) Peons de brigada:

- Ter entre 18 e 19 anos, xa que o Concello fomenta o emprego xuvenil para fixar poboación no mesmo. 3 puntos
- A experiencia acreditada no desempeño de postos de traballos semellantes, 0,10 puntos por mes ata o máximo de 1 punto. Xustificarase por medio de informe de vida laboral e certificado de empresa ou contrato de traballo.
- A experiencia acreditada en traballos de desbroce no sector público: 0.25 puntos por mes ata un máximo de 2.25.

c) Peon- condutor:

No caso de querer optar a praza de peón condutor presentará a maiores:

- Experiencia como chofer condutor en vehículos para os que habilita a posesión do permiso de condución tipo B: 0.10 puntos por mes ata un máximo de 2 puntos
- Non haber tido accidentes de condución: 0.5 puntos.

2.-Formación. Os cursos, xornadas e seminarios de formación relacionados cos postos de traballo que se convocan e que sexan realizados ou impartidos polas Administracións públicas ou homologados por elas, ata un máximo de 2,00 puntos: -de menos de 15 horas: 0,10 puntos; -de 16 a 40 horas: 0,20 puntos; -de 41 a 70 horas. 0,35 puntos; -de 77 a 100 horas: 0,50 puntos; -de máis de 100 horas: 0,75 puntos.

3.- Proba teórica. Realizarase unha proba, cunha puntuación máxima de 4 puntos, consistente en desenvolver un exame tipo test con 20 preguntas sobre o seguinte temario:

a) Coñecemento do territorio





CONCELLO de RAMIRÁS

NIF : P3206900 G
Tf. : 988 491 523
Fax : 988 478 604
E-mail : concello.ramiras@eidolocal.es

Picouto, s/n - 32810 – Ramirás – Ourense

b) A loita contra incendios forestais

c) Prevención de riscos laborais nas brigadas de prevención e extinción de incendios forestais

Cada resposta correcta sumará 0,20 puntos. Cada resposta errada restará 0,10 puntos.

4.- Proba práctica. Sobre manexo de desbrozadora e/ou motoserra, cos cambios necesarios na maquinaria cunha puntuación máxima de 5 puntos. A proba práctica será o día que o concello avise, as 9.00 horas, presentándose os interesados na Casa do Concello.

12ª) Tribunal cualificador. O tribunal, que terá como función a valoración dos méritos alegados polos/as aspirantes presentados/as, estará integrado por un presidente, tres vogais e un secretario e os seus respectivos suplentes, sendo nomeados polo Alcalde do Concello e publicados no Taboleiro de anuncios.

O tribunal poderá dispor a incorporación, ós seus traballos, de asesores especialistas, que se limitarán o exerceo das súas especialidades técnicas, que serán a única base da súa colaboración co órgano de decisión e que actuarán por tanto con voz pero sen voto.

O tribunal actuará con suxeición ás bases de convocatoria, quedando facultado para resolver cantas cuestións se susciten na súa interpretación.

Contra os acordos do tribunal poderá interpoñerse recurso administrativo ante o órgano competente conforme ao previsto na Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das Administracións Públicas.

Os membros do tribunal terán dereito ás indemnizacións por asistencias consonte os artigos 29 e seguintes do Realdecreto 462/2002, do 24 de maio. Para este efectos o tribunal inclúese na categoría segunda do artigo 20 da dita norma. A estes efectos prevese un máximo de catro sesións para o remate do proceso selectivo.

12ª) Puntuación final e nomeamento. Os candidatos seleccionados serán os que obteñan máis puntuación global. En caso de empate, terá preferencia o que acredite máis experiencia en traballos para o Concello de Ramirás, en caso de persistir o empate terá preferencia o que acredite maior formación. Rematado o proceso selectivo o tribunal formulará a proposta de resolución que conterá os participantes ordenados por puntuación de xeito decrecente. Á vista da antedita proposta, o órgano competente nomeará os candidatos que obtiveron máis puntuación. Co resto de candidatos admitidos formarase unha bolsa de traballo para cubrir posibles renuncias ou outras vacantes, ou para atender necesidades imprevistas.





CONCELLO de RAMIRÁS

NIF : P3206900 G
Tf. : 988 491 523
Fax : 988 478 604
E-mail : concello.ramiras@eidolocal.es

Picouto, s/n - 32810 – Ramirás – Ourense

Antes do nomeamento deberán someterse a unha revisión médica para ver se Son aptos para a realización das funcións asignadas.

13ª) Formación de bolsa de traballo. Entre os candidatos admitidos e non seleccionados farase unha bolsa de traballo ordenada pola puntuación obtida para a cobertura de vacantes que se produzan neste postos de traballo e coa mesma duración que o contrato de traballo, por causa dalgunha das seguintes circunstancias:

- . baixa por IT
- . non superación do período de proba
- . resolución do contrato
- . outras causas semellantes xustificadas.

13.1.Procedemento de chamamento.

O chamamento das persoas integrantes da bolsa de traballo, realizarase por estrita orde de clasificación definitiva. As persoas candidatas relacionadas na Bolsa manteranse sempre no mesmo posto e coa mesma puntuación, excepto o establecido nas presentes Bases.

Previa Resolución da Alcaldía que xustifique a necesidade de contratación de persoal, o chamamento realizarase vía telefónica.

A comunicación efectuarase segundo as seguintes fórmulas:

1ª e 2ª chamada telefónica entre as 9:00 e as 14:00 horas.

3ª chamada telefónica entre a 9:00 e as 14:00 horas do seguinte día hábil.

A realización dos chamamentos na forma indicada, requirirá que as persoas aspirantes facilitasen nas súas solicitudes de participación no proceso o número de teléfono; no caso de consignar máis dun número de teléfono deberá especificar unha orde de preferencia. Establecido o contacto telefónico, o interesado dispón de 24 horas para aceptar o chamamento.

Transcorrido o devandito prazo sen que se produza a aceptación, entenderase desistido e pasará ao último lugar da lista.

En caso de urxente necesidade, as tres chamadas telefónicas realizaranse no mesmo día entre as 9:00 e as 14:00 horas, sendo obrigatorio que a aceptación da oferta realícese no mesmo momento no que se produce o chamamento.





CONCELLO de RAMIRÁS

NIF : P3206900 G
Tf. : 988 491 523
Fax : 988 478 604
E-mail : concello.ramiras@eidolocal.es

Picouto, s/n - 32810 – Ramirás – Ourense

Para os efectos de establecer a comunicación, e en ausencia do propio interesado no número ou números de contacto, será suficiente para entender realizado o contacto telefónico deixar recado en contestador automático ou caixa de correo de voz, dispoñendo o interesado de 48 horas para aceptar ou renunciar.

No caso de que non conteste as chamadas telefónicas nin teña gravador de mensaxes, enviaráselle a comunicación vía papel ao domicilio indicado e a non recepción da comunicación, equivale á renuncia do candidato.

Transcorridos os prazos ou se non é posible a comunicación, segundo as indicacións, pasarán ao último lugar da lista e chamarase ao seguinte aspirante.

No expediente administrativo correspondente deberá constar dilixencia da persoa que realiza os chamamentos, na que se reflicta a data, hora/s das chamadas telefónicas, así como a resposta que se recibiu e outras comunicacións.

Para a correcta localización dos candidatos, os integrantes da bolsa están obrigados a comunicar por escrito calquera variación do número de teléfono sinalado. Pola contra quedarán ilocalizados o que daría lugar a exclusión da bolsa.

Obtida a conformidade do interesado a quen corresponda o posto, procederase á súa contratación laboral deixando constancia no expediente dos cambios que como consecuencia do chamamento prodúzanse na correspondente lista.

As persoas integrantes da bolsa que fosen contratadas para a cobertura de posibles interinidades, volverán ocupar a posición que lles correspondese nela unha vez finalizada a súa contratación, sendo chamados para posteriores contratacións, por orde de puntuación.

No caso de que algún integrante da bolsa atopásese desenvolvendo un contrato de interinidade para a cobertura dun traballador desta bolsa, poderá ser informado das posibles melloras de contrato que xurdan nese período e elixir a que estimen oportuna.

13.2. Renuncia e suspensión de chamamentos.

No caso de que o interesado renunciase ao contrato ou chamamento ou non atendese ao chamamento, pasará ao último posto da lista, salvo casos de forza maior debidamente xustificadas nos que se producirá a suspensión dos posteriores chamamentos mantendo o seu posto na lista e que son:

- Estar a traballar no momento de ser chamado, debendo achegar copia do contrato de traballo.





CONCELLO de RAMIRÁS

NIF : P3206900 G
Tf. : 988 491 523
Fax : 988 478 604
E-mail : concello.ramiras@eidolocal.es

Picouto, s/n - 32810 – Ramirás – Ourense

- Estar en situación de incapacidade temporal derivada dunha enfermidade, accidente de traballo ou baixa maternal, con comunicación da baixa debendo achegar documentación acreditativa da situación.

- Calquera outra causa, de entidade suficiente, que se considere oportuna a criterio da Alcaldía.

Nestes casos será necesario achegar o correspondente xustificante nun prazo non superior a 5 días hábiles desde que se produce o chamamento telefónico.

A non remisión do documento que acredite a xustificación das devanditas causas, supoñerá a cualificación de rexeitamento inxustificado e pasar ao final da lista.

A suspensión dos chamamentos manterase ata que a persoa interesada comunrque a súa dispoñibilidade alegando o fin da causa que motivou a suspensión.

A tal efecto a persoa interesada deberá presentar solicitude de reposición dirixida á Alcaldía.

13.3. Exclusión.

Serán causas de exclusión dun integrante da lista:

- Renuncia expresa a formar parte da lista.
- Non presentación dentro do prazo fixado a aceptación do posto de traballo sen causa xustificada.
- Non comunicar por escrito calquera variación do número de teléfono sinalado dando lugar o seu ilocalización.
- Renuncia a continuidade no desempeño dun posto de traballo unha vez que foi contratado.
- Separación do servizo por sanción disciplinaria e/ou despido declarado procedente.
- O rexeitamento sen causa xustificada dun posto de traballo en tres ocasiónes.

14ª) Formalización do contrato. O contrato formalizarase por escrito cos aspirante seleccionado no prazo máximo de cinco días desde que se publique o nomeamento. O contrato de traballo quedará suxeito a un período de proba de quince días.





CONCELLO de RAMIRÁS

NIF : P3206900 G
Tf. : 988 491 523
Fax : 988 478 604
E-mail : concello.ramiras@eidolocal.es

Picouto, s/n - 32810 – Ramirás – Ourense

15ª) Retribucións. Capataz: 1.500,00 €/mes (mais obxectivos) e peóns: 1.424,50€/mes

As retribucións teñen carácter bruto e inclúen tódolos conceptos salariais e a parte proporcional das pagas extraordinarias.

16ª) Normativa reguladora. A convocatoria réxese polas presentes bases e por as normas reguladoras do persoal ao servizo das Administracións públicas. A presente convocatoria e todos os actos administrativos que dela se deriven estarán suxeitos á Lei 39/2015, do 1 de outubro do procedemento administrativo das administracións pública, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común, e no tócate á contratación estarase ao disposto na lexislación laboral vixente. O contido da relación laboral réxese polo Real Decreto Lexislativo 5/2015, de 30 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da Lei do Estatuto Básico do Empregado Público, o Real Decreto Lexislativo 2/2015, de 23 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da Lei do Estatuto dos Traballadores, a Lei 2/2015, de 29 de abril, do emprego público de Galicia e as súas disposicións complementarias.

17ª) Protección de datos de carácter persoal. Dacordo coa Lei orgánica 15/1999, do 13 de decembro, de protección de datos de carácter persoal e o Regulamento que a desenvolve os datos que se faciliten para participar neste proceso de selección incorporaranse nun ou varios ficheiros cuxo responsable é o Concello de Ramirás, onde se poderán exercer os dereitos de acceso, rectificación, cancelación e oposición. Coa participación no proceso de selección, as persoas interesadas consenten o tratamento dos seus datos persoais coa finalidade de levar a cabo a selección de persoal, o rexistro de solicitudes de candidatos, a cualificación de probas e avaliación dos candidatos, así como a provisión de postos e confección do banco de datos ou lista de espera. Así mesmo, os participantes prestan o seu consentimento para que os seus datos persoais sexan comunicados mediante a súa exposición no taboleiro de anuncios deste Concello para os efectos da publicidade esixida no procedemento de contratación, así como aquelas cesións autorizadas nunha norma con rango de Lei.

En Ramirás,

A Alcaldesa. D^a Isabel Gil Alvarez

